

A LAGÓA DA FROUXEIRA.

Este complexo formado polo humedal e o sistema dunar asociado aséntase sobre unha pequena conca labrada sobre os esquistos (esquistos, cuarzoesquistos e metasemitas feldespáticas do Precámbrico-Silúrico) pertencentes ao complexo de Ordes.

Orixe

A súa orixe habería que atopala nos cambios do nivel de base que tiveron lugar ao longo do Cuaternario, nos períodos interglaciares secos e áridos e que propiciaron a formación dunha barra areosa e o complexo dunar asociado que obstaculizaría a evacuación das augas dos cursos fluviais. A protección do sistema dunar e a transición a climas máis temperados e húmidos terían favorecido a colonización progresiva da lagoa e das propias dunas pola vexetación.

Este sistema praia-duna, xunto ás características xeolóxicas e xeomorfolóxicas, son, polo tanto, os responsables da existencia e do funcionamento e dinámica deste humedal costeiro da lagóa A Frouxeira, formado pola retención das augas aportadas pola conca do río do Vilar, xunto coas as augas superficiais e sub-superficiais de orixe mariña.

Características xerais

A lagoa ten forma case rectangular, cunhas medidas duns 1.700 metros de lonxitude por 500 de anchura. O seu eixo maior é perpendicular á praia da Frouxeira, que a limita polo norte. Ao leste unha pista de terra e o paseo bordéana en toda a súa lonxitude. Polo sur a C-646 marca o límite, mentres que no oeste está a parte máis recollida, coa protección dun piñeiral-eucaliptal.

A lagoa recibe as augas fluviais dos regos do Vilar e Castro, ademais das aportacións pluviais, e desemboca no mar a través dunha canle que se abre debido ao nivel das augas e a acción das mareas. A maior ou menor interacción co océano fai que a súa salinidade sexa variable segundo as épocas.

A profundidade media non sobrepasa o metro e medio, aínda que hai zonas máis profundas, como a chamada Pozo do cura ou certas canles na marisma. O periódico aumento da cota hídrica segundo as tempadas do ano chega a inundar os terreos agrícolas máis próximos á lagoa.

Para saber máis.

Tradicionalmente os veciños adiantaban a apertura natural, e procedían a abrir eles mesmos a canle, co obxectivo de evitar o asolagamento deses terreos. Actualmente a apertura mecánica da lagoa está en fase de estudo e, provisionalmente, prohibida pola administración.

Por outra banda os danos causados pola actividade humana nas últimas décadas (extracción de areas, diques artificiais construídos e efectos das obras de Tragsa durante a crise do Prestige) parecen ter afectado gravemente á dinámica da lagoa. Como consecuencia disto, nos últimos anos a lagoa está a acadar uns niveis hídricos moi elevados antes de producirse a súa apertura espontánea, tal como sucedeu no inverno de 2012.

Sistema dunar.

En canto ás dunas, a maior parte son móbiles e permanecen activas, aínda que hai casos nos que están fixadas pola vexetación. Outras desapareceron nos anos sesenta e setenta debido á extracción indiscriminada de area.

Condicións climáticas:

As condicións climatolóxicas correspóndense cun clima oceánico húmido, cunha feble sequía estacional. As temperaturas medias van dos 8-10 graos invernais ata os 19-20 graos do verán. O vento dominante é o suroeste durante a estación chuviosa e o nordés durante o período estival, cunhas precipitacións que sobrepasan os 1.000 mm.

Vexetación.

Nas **zonas máis altas** atopamos **formacións de piñeiro** que dan paso no sur, nos **lugares máis húmidos, a árbores e arbustos caducifolios propios de solos encharcados, como ameneiros ou salgueiros.**

Onde a capa freática aflora á superficie, a humidade é limitante e a vexetación arbórea vese substituída por **xunqueiras e carrizais** que, na Frouxeira, cobren ben o tercio da lagoa máis alonxado do mar.

No entorno da Frouxeira están citados 359 taxóns, moitos deles raros ou escasos en Galicia.

Nas dunas colonizadas crecen musgos e líquenes, así como distintas especies de leguminosas e compostas. Na fronte dunar aparecen especies con carácter máis halófilo (como tártago mariño, arenaria do mar, cardo de mar e cebolla das gaivotas). Destacan tamén polo seu interese bioxeográfico especies como carrasco bravo e carraspique, e pola súa rareza na flora galega especies como trenzas de rapaza, labaza de ribeira, lechuguilla doce, espadana e xunco espigado. En definitiva, todo un conxunto natural que (co máximo respecto) non se pode perder.

Referencias bibliográficas:

Estes textos foron extraídos das seguintes fontes:

DECRETO 30/2015, de 5 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do humedal protexido Lagóa e areal de Valdoviño

Páxina web oficial do Concello de Valdoviño:

<http://www.concellodevaldovino.com/?q=gl/node/27>